

Despois da vitoria contra as reválidas volvemos ás rúas!

9 de MARZO

FOLGA XERAL

de estudantes, profesores, pais e nais



- ▶ Derrogación da LOMCE e o 3+2!
- ▶ Devolver os 7.000 millóns roubados á pública!
- ▶ Pola gratuidade do ensino público, máis recursos, máis bolsas, máis profesores!
- ▶ Ningún pacto educativo co PP, a patronal da privada e a Igrexa!

manifestación - 12h.

FERROL:
Edificio da Xunta
CORUÑA:
Praza da Palloza

COMPOSTELA:
Alameda
VIGO:
Praza América



As mobilizacións convocadas polo Sindicato de Estudantes os pasados 26 de outubro e 24 de novembro foron un éxito rotundo. Millóns de mozas e mozos baleiramos os institutos en todos os territorios e centos de miles abarrotamos as rúas. Foi esta gran demostración de forza a que obrigou ao goberno do PP a retirar as reválidas franquistas. Unha vitoria histórica conseguida grazas á mobilización estudantil máis contundente e decidida! Con ela demostramos na práctica que si se pode! E por iso non nos conformamos unicamente con esta vitoria. Queremos que todas as nosas demandas se leven á práctica. Sabemos como logralo! Imos volver a tomar as rúas con máis forza que nunca ata torcerlle de novo o brazo ao PP, e derrotar os seus plans de impoñernos unha educación pública degradada, con recortes, falta de profesores, de bolsas e falta dos recursos máis básicos.

O PP quere un "pacto educativo"... pero coa Igrexa e a patronal

Tras cinco anos de recortes, LOMCE e 3+2, que provocaron unha situación catastrófica nas nosas aulas, o PP pretende facernos crer que cambiou. Preséntanse como un Goberno renovado, democrático e dialogante. Pero estas mediocres manobras xa non coan. Os seus feitos desmenten as súas palabras. Hai uns días o Ministro de Educación afirmaba publicamente que lles dá completamente igual que o Congreso dos Deputados votase maioritariamente NON á LOMCE hai uns meses, e que van ir aos tribunais para poder seguir aplicándoa. Así de dialogantes son. Non só iso, tamén queren vendernos un "Pacto Educativo" que non é máis que unha manobra para cambiarlle o nome aos seus vellos plans: destruír o ensino público e seguir enchendo os petos da patronal do ensino privado e da Igrexa con miles de millóns de euros de subvencións públicas. Os seus aliados de Ciudadanos e da dirección golpista do PSOE prestáronse a axudarlles nesta tarefa. Unha auténtica vergoña!

Logo da loita incansable que levamos, non imos aceptar nada que non sexa a posta en práctica das nosas reivindicacións. Que se deixen de contos e de xogos de palabras! Esiximos que se derroque inmediatamente a LOMCE e o 3+2! Que nos devolvan todo o diñeiro roubado á educación pública, que son máis de 7.000

millóns de euros! ¡Que se revertan todos os ataques, coma os despedimentos dos nosos profesores e os ataques ao galego, que se acabe a masificación, que se dignifique unha FP sen taxas e se remuneren as prácticas en empresas, que volvan os estudantes expulsados das facultades por non ter cartos, que se terminen as taxas abusivas e que as familias traballadoras reciban bolsas dignas para poder acceder á universidade gratuitamente!

Conseguímolos! 9 de marzo: Folga Xeral de toda a Comunidade Educativa

A loita que desde o Sindicato de Estudantes impulsamos nestes anos mostrou unha fortaleza tremenda. Organizamos nada menos que 24 xornadas de folga e centos de manifestacións. E sempre insistimos nunha idea fundamental: a necesidade de que toda a comunidade educativa se mobilice unida, pais e nais, profesores e estudantes, xuntos en todos os territorios. E por iso celebramos que por fin consigamos esa mobilización que tanto reivindicamos: a Plataforma Estatal en Defensa da Escola Pública, da que o Sindicato de Estudantes forma parte, anunciou unha folga xeral unitaria, de pais, nais, profesores, persoal laboral e estudantes para o próximo 9 de marzo. Si se pode!

Neste senso, facemos un chamamento á dirección de CIG-ensino, así como ao resto de organizacións estudantis galegas a sumarse a esta convocatoria, nesta folga histórica.

Desde o Sindicato de Estudantes chamamos a todos os estudantes de ESO, Bacharelato, FP e Universidade a baleirar as aulas o 9 de marzo e participar nas manifestacións que convocaremos en todos os territorios. Chamamos a toda a mocidade a afiliarse ao Sindicato de Estudantes, a formar comités de folga en todos os institutos e facultades para levantar un movemento estudantil forte e organizado. Esta folga é un gran paso no que debe ser unha mobilización sostida no tempo e ascendente ata que logremos todas as nosas reivindicacións. ¡Molo conseguir!

Todos á folga e as manifestacións o 9 de marzo!
Únete ao Sindicato de Estudantes e constrúe
a organización no teu instituto e facultade!
Afíliate na nosa web www.sindicatodeestudiantes.net!